



# REGULAMENTO XI ROTEIRO BTT CONCELLO DE DUMBRIA

## PREÁMBULO

Ou Club Ciclista Dumbria, xunto co Concello de Dumbria, organizan a proba CICLOTURISTA federada, (Proba deportiva NON COMPETITIVA), denominada: ***XI ROTEIRO BTT CONCELLO DE DUMBRIA.***

## ARTIGO 1

A proba disputarase o domingo 1 de maio de 2022, con saída e chegada en DUMBRIA, en formato de proba cicloturista, (proba deportiva non competitiva).

OPCION 1 - PERCORRIDO LONGO 54 km

OPCION 2 - PERCORRIDO CURTO 35 km

PUNTOS DE CORTE: Aqueles participantes que non pasen no horario previsto e publicado pola organización polos puntos de corte serán desviados por un percorrido alternativo. Os participantes que continúen pola ruta sen facer caso aos puntos de corte quedarán fóra de carreira e fóra de todo tipo de coberturas, tanto de asistencia coma de seguros.

A SAÍDA de ambas rutas, será ás 09:30 h dende as instalacións deportivas municipais de Dumbria.

## ARTIGO 2 - PARTICIPACIÓN

Poderán participar na marcha persoas comprendidas entre a categoría cadete ata a categoría master 60, tanto feminino coma masculino. Os menores de 18 anos deberán presentar obrigatoriamente unha autorización asinada polo seu pai, nai ou titor/a legal.

Os seguros contratados para a devandita proba, son os únicos seguros válidos e aceptados pola organización da proba para poder participar.

A participación na proba será baixo a responsabilidade propia dos participantes.

O participante no momento da súa inscrición manifesta atoparse fisicamente apto para afrontar o percorrido da proba e que non ten ningún impedimento físico nin psíquico para afrontar o percorrido.

## ARTIGO 3- SEGURIDADE

A organización da proba, réxese polas normas de tráfico vixentes, polo que é obrigatorio ou uso do casco protector homologado en todo o percorrido. O incumprimento desta norma será motivo de expulsión inmediata.

Todos os participantes considéranse en excursión persoal, debendo aterse ás Normas do Vixente Código de Circulación na estrada e considerándose persoalmente responsables de todas as infraccións que poidan cometer.

\*É obrigatorio levar un telefono móbil cargado durante a proba. O teléfono móbil será clave á hora de contactar por avaría ou cuestións médicas, cos teléfonos de emerxencia que figuran non dorsal.

Advírtese aos participantes que o feito de circular un vehículo de apertura non supón a paralización do tráfico, senón que se trata dunha sinalización.





## REGULAMENTO XI ROTEIRO BTT CONCELLO DE DUMBRIA

A seguridade na vía pública e o control e regulación do tráfico será responsabilidade dos corpos de seguridade, pero hai que lembrar que o tráfico no percorrido está aberto e que, ante todo, debe circular seguindo as normas de circulación.

A marcha será de ritmo libre a partir do km 2 dende a saída, aínda que a organización resérvase o dereito de controlar ou neutralizar a mesma se circunstancias especiais o aconsellasen. Queda prohibido adiantar o vehículo de motor que encabeza a marcha. A existencia deste vehículo non supón a paralización do tráfico nas estradas nin no cruzamento das mesmas.

Non é unha competición, senón unha marcha cicloturista. Isto débese ter moi en conta á hora de cruzar poboacións, circular pola dereita, pasar por rotondas e cruces, baixadas de portos, etc. É obrigatorio levar o dorsal nun lugar visible, tanto na saída como nos avituallamentos. Farase un rigoroso control de dorsais.

Queda totalmente prohibido participar na marcha sen dorsal ou outra identificación que a organización entregue aos participantes.

Deberá colocarse ademais o CHIP segundo as instrucións que se darán pola organización para o control dos tempos.

Estará a disposición dos participantes, un servizo de primeiros auxilios e, se fose preciso, unha ambulancia trasladará o accidentado ao centro hospitalario concertado.

A organización contará con vehículos de asistencia para o traslado de bicicletas e participantes con problemas. Os participantes son responsables de presentarse na saída coa bicicleta en condicións para afrontar a marcha, así mesmo, recoméndase aos corredores ir dotados dun KIT BÁSICO DE REPARACIÓN.

O 90% do percorrido centrase en pistas forestais e camiños de monte, cruces con paso de vehículos. A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Dumbria, será a encargada de xestionar os devanditos pasos.

De maneira estrita, realizarase a penalización daqueles participantes que:

- Non respecten as normas de seguridade indicadas por forzas da orde e pola organización.
- Ensucien ou degraden o itinerario, arroxando desperdicios.
- Dispoñan de vehículo de apoio propio, entorpecendo a marcha do resto.
- Comportamentos que impidan o normal desenvolvemento da proba e que vaian en contra do presente regulamento.

A penalización será:

- Inclusión nas listaxes dos participantes sancionados, para a súa posterior publicación.
- As sancións impostas polas autoridades, as que pola súa actitude puidese facerse merecedor.

### ARTIGO 4— CONDICIÓN FÍSICA

Cada deportista participa na proba baixo a súa responsabilidade e declara estar en condicións físicas óptimas, así coma ter dominio técnico suficiente para afrontala.

A organización aconsella a todos os participantes que pasen un recoñecemento médico previo á proba co fin de detectar e descartar calquera anomalía incompatible coa práctica do ciclismo. Todo participante





## REGULAMENTO XI ROTEIRO BTT CONCELLO DE DUMBRIA

na marcha comprométese a estar a un nivel físico adecuado, que lle permita cumprir coas medidas establecidas pola organización.

### ARTIGO 5 — INSCRICIÓN

Non se consideran formalizadas as inscricións ata que non se realice o pago das mesmas.

A inscrición realizarase por adiantado a través da páxina web: <http://www.emesports.es/>.

Non momento da inscrición, é necesario indicar se o participante é federado ou non.

LÍMITE DE PRAZAS: 300.

### ARTIGO 6 - FASE DE INSCRICCIÓN:.

O período de inscrición será dende o 1 de abril ata o 27 de abril ás 23:59 h.

### ARTICULO 7 - COTA DE INSCRICIÓN:

FEDERADOS: 6€.

FEDERADOS EN TRIATLÓN OU CARNET CICLISMO: 11€

NON FEDERADOS: 6€+10€ licenza do día.

OPCIÓN COMIDA: Os corredores poden, no momento da inscrición, elixir a opción comida por un prezo de 6€. Dependendo do protocolo vixente no día da proba, a organización establecerá tanto o menú coma a distribución do mesmo.

O prezo da inscrición, será de 6€ para federados e de 16€ para os corredores con licenza dun día, onde se inclúen os seguintes apartados:

Dorsal personalizado

Avituallamentos sólidos e líquidos

Ambulancia e médico

Persoal de seguridade, aparcamento

Duchas, aseos e cafetaría

### ARTIGO 8 — OBSEQUIOS

Ao finalizar a marcha entregaranse os seguintes agasallos:

- a) 1 Trofeo ao participante mais novo.
- b) 1 Trofeo ao participante de mais idade.
- c) 1 Trofeo ao club con máis participantes chegados a meta.

### ARTIGO 9 — DEREITOS DE IMAXE

O participante autoriza o uso de fotografías propias sempre que garde relación co evento non que se subscribe. O participante admite que o organizador poida facer uso da imaxe de todos os ciclistas en calquera formato xa sexa gráfico ou dixital (radio, prensa, vídeo, foto, DVD, internet, carteis, medios de





## REGULAMENTO XI ROTEIRO BTT CONCELLO DE DUMBRIA

comunicación, etc.) e cede todos os dereitos relativos á súa explotación comercial e publicitaria que consideren oportuno executar, sen dereito pola súa banda a recibir compensación económica algunha.

### ARTICULO 10- ENTREGA DE DORSAIS

A organización, entregará dorsais para a marcha nos seguintes horarios:

0 día da marcha a partir das 08,00 h nas Instalacións deportivas Municipais.

### ARTIGO 11 - CIVISMO E RESPECTO

Os participantes aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométese a participar de maneira honesta segundo as normas de tráfico, así como a cubrir todo o percorrido na súa totalidade antes de cruzar a liña de meta.

Así mesmo, manifestan ser respectuosos co persoal implicado na organización e co resto de participantes.

Comprométese tamén a tratar o material deportivo propio e alleo con respecto, e a levar casco regulamentario obrigatorio durante todo o percorrido.

Co fin de contribuír a un mínimo impacto ambiental da proba, os participantes usarán os colectores situados nos avituallamentos e puntos estratéxicos para tirar envases, envoltorios ou restos de comida e absteranse de arroxar nada á estrada durante ou percorrido.

### ARTIGO 12 - RESPECTA O MEDIO AMBIENTE.

Co fin de xerar un mínimo impacto ambiental, os participantes usarán os colectores situados avituallamentos para tirar envases, envoltorios ou restos de comida e absteranse de arroxar nada a estrada durante ou percorrido.

Respecta a posibles veciños e/ ou traballadores da zona.

Respecta os voluntarios e staff de organización que están a velar por ti, así coma os teus propios compañeiros.

Respecta os avituallamentos. Pensa que detrás de ti virán máis participantes que tamén queren beber e comer coma ti. Colle só o imprescindible que necesites para aguantar ata o próximo avituallamento.

Non deixes a bicicleta diante do avituallamento para que che enchan os bidóns, isto forma moito tapón.

Non ouriñes á beira dos avituallamentos.

Os participantes que non cumpran con estas normas serán desqualificados e apartados da marcha cicloturista pola organización nesta edición e as próximas.

### ARTIGO 13 - XENERALIDADES

Respectarase a puntualidade dos horarios, debendo estar 15 minutos antes do horario de saída. A organización non se fai cargo de avarías mecánicas.

A organización contará con ambulancia e coches de recollida de bicicletas e deportistas.





## REGULAMENTO XI ROTEIRO BTT CONCELLO DE DUMBRIA

### ARTIGO 14 - LOXÍSTICA

A organización reservarase o dereito de modificar todo o relativo ao itinerario, avituallamentos, horario de saída, etc., cando determinados motivos ou circunstancias así o aconsellen.

### ARTIGO 15 - LOPD

O Club Ciclista Dumbria e o Concello de Dumbria, garanten o pleno cumprimento da normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, e así, de acordo coa Ley Orgánica 3/2018 de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, o asinante queda informado e presta o seu consentimento á incorporación dos seus datos aos ficheiros automatizados existentes no Club e ao tratamento dos mesmos para a súa utilización en relación co desenvolvemento de xestións administrativas, comerciais e outras actividades propias do mesmo. A política de privacidade do citado club asegúralle, en todo caso, o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, nos termos establecidos na lexislación vixente, mediante escrito dirixido a Club Ciclista Dumbria, CONCELLO DE DUMBRÍA, CTRA DUMBRÍA S/n. 15151, DUMBRÍA.

### ARTIGO 16

Ao efectuar e validar a inscrición na proba, o participante asume o coñecemento e aceptación sen reservas do presente regulamento, renunciando a calquera procedemento legal contra a organización derivada da súa participación.

### IMPORTANTE:

**PROTOCOLO COVID: APLICARASE O PROTOCOLO COVID-19 DA FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO VIXENTE O DÍA DA CELEBRACIÓN DA PROBA.**

En Dumbría a 21 de marzo do 2022.

Asdo.: A organización.

